

CANGAS

Festa e mundo feliz para todas e para todos. E neste día vai de inicio a memoria por Xosé Oliveira Avendaño, caro amigo, que cumpre os cen no paraíso das distancias.

*Nacer é dunha causa.
Vivir é doutra cousa.*

*E de Melide a Cangas hai un treito
de anos e de historia que se pronuncia
nos corredores da solaina, eirados
da pedra e da palabra.
E vivo en residente nesta beira
do mar que chega, bica e vaise en nova
singradura do adentro, por de fóra
cabo de lonxe e sempre arromba e volve...*

*E sei dos nomes da paisaxe en soño
dos andares: nacencia e acubillo.
Acordo e sinto os ecos do profundo
no mencer que me asubía por Sínghulis,
Bербetaña, os Loureiros, o Costal,
a Torre do Galo, rúa do Sol,
a Faixa e o Derribo, Outeiro...e vou
minúsculo cos ollos do mencer
cara ao Sinal e o Forte.*

*E velaivai quen chega dende a terra
do medio e soña e bebe no seu mar
de xuventude pra dicir Rodeira
coma un bico de arao e de gaivota
na praia máis cumprida*

Son os versos que un conleva na memoria dende hai case corenta anos de convivio feliz coa terramar de noso, a Gallaecia que nos vén de lonxe e somos ledos neses labirintos dos adentros, e escoitamos mar en canto de auga inmensa, e sentimos océano nos ríos grandes e pequenos que son centos, milleiros de augas que alimentan a nosa sede de saber e confesar as orixes da casa labrega e mariñeira: peixe e patela, pan e ghainete; dorna e arado, muller e home, nai - pai, ata os bisnetos que saberán das aves de Cangas e das andoriñas de Santa María de Melide e de Quian, os tres niños de alma que son meus, e polo tanto tamén de voso, amigas e amigos que escoitades esta voz mancada, que non así a forza da palabra que recibín da herdanza que me destes nada máis vir e chegar a este anaco da paisaxe que se deita en aloumiño de Rodeira de carro e ceavoga de nao maiúscula; de Balea, da Congorsa, da Borneira e das areas que aquí son tantas que teñen nomenclator, sinal identitario: *Areasghordas, Areabrava, Areamilla, Areacova...*Area que se bica en corpo espido na augaceo de Barra e Nerga. Area de mar amiga, de mar amigo. Senlleiro mar de Cangas, mar do mundo que levita no desexo de máis bicos, mar que sabe namorar dos ollos para que o tempo pame, deteña os pasos, acorde e baixe dende os cumes canda os ríos que son nenos e levan os nomes da infancia e din *saíñas, da laxe, berenxo, boubou, bouzós...*coma pronuncia de familia ata que o mar engule a larpeirada do seu canto e van dende xa na orquestra da fartura que é a vida. Sabédeo bén: as nosas augas teñen o son de Cangas nas xineas que veñen de alemparte, dos milenios. Son fonemas líquidos, voces da maxia e do misterio, encantadoras, que a ribeira entrega ao océano, de ida e volta, coma empréstito, coma débeda. “*Hai que regresalas*”- berra a voz do oráculo aínda non Bén pasada a punta da Borneira. E o labio do mar de fóra abre e bica o galano de Coiro, Darbo, O Hío, Aldán, vindo de Cobres, por Moaña e proseguindo por Beluso a camiñada de Bueu, para que a voz non minta e saiba namorar tamén aló nos riachos e nos mences das terras colindeiras e de sempre amigas.

O espectáculo da luz está aquí cada mencer, sexa a nube densa, poalle o ceo, medre a batuñeira e bogue en néboa. O sol chéganos de proa, de fronte, de compromiso pactado de aló enriba, onde os

universos mandan xeometrías e ollamos as estrelas que se van luíndo coa luz que nos corresponde, aínda cando en Vigo sexa escuro de día, nós temos o craror do leste e do sur coma un namoro. E Sol descansa, bica en nós, come e xanta na casa de falar e aínda fica na tarde e no solpor, por tras das Cíes, camiño de Ons e de Fisterra, índose, paseniño, selado de farturas na face roiba de quen sabe da ledicia e vai feliz cara á maré da noite, coma un neno dorme en soño. Luz de Cangas! É a meirande marabilla natural da vila e das parroquias deste concello que amo. Riqueza que boga cara esa maxia dos humanos que temos a sorte de posuila un día si e outro, un ano si e outro, unha vida si e outra, que se entrega nos documentos notariais para as herdanzas sen tristura permanente. Cangas canta. Cangas palabrea. Cangas é de seu feliz nas rúas e nos antigos eirados. Nacen aquí a muller e o home para seren felices de por vida e obra. A historia non minte e os trobadores e os xogares deixaron testemuño do seu paso polas ruelas de antigo, polos carreiros que baixan cara ao mar, polos atallos. Auga e viño. Pan e sardiña. Cando era o tempo das penurias. Mais sempre o voz nunca vencida, a fala de voso / noso orgullo para dicir en berro solidario un “vai, amighiño, veña vai, que todo pasa”, cando é o tempo da dureza. Velaí ese namoro de seu humano, confraría dos corpos que se axuntan para soerguer a tristura, arriar o petate da noite, salabardear a esperanza, sempre unha mighalliña, para que todo vire e sexa definitiva a singradura da ledicia, sempre así, meus caros amigos, amigas e veciños desta vila do Cristo que baixades en ombros, esa figura humana dun deus que ata aos agnósticos máis duros coma min nos enche de silencio, este voso silencio de cada ano en cada paso en peso do crucificado do Gólgota, que seica din, e ben que o sexa, era de seu humilde e xeneroso nas entregas, extrovertido, rodeado da mar-terra de barcos e oliveiras para as viaxes de máis vidas.

A tradición que respectades éme tamén fermosa dende as xeografías da infancia, porque a Gallaecia é unha maré de memoria consentida na casa familiar, cantada na taberna e no furancho, onde todo resucita, vén e vai en comunión coas voces que son de noso. Recantos da palabra e música, cantigas do mar. E o barco vai paseniño de horas para larghar a historia que se

enfía en Terranova e desce coma un cabo ata as Malvinas; e recale no mar de Capetón e atope no Índico a esperanza de nos vir sellados cara á Cangas (esta palabra do retorno que de seu xa é unha romaría de fonemas, coma música) para que este carolino cante en cada boca solidaria e os labios sexan bicos para a muller amada, que sempre espera ese mencer ou noite en luz, “ a volta do mar”, que o artista de Nerga, Xohán Piñeiro, labrou hai anos para vós, e na Alameda Vella está coma se un libro, esa enciclopedia da chegada á terra das benvidas.

Estou feliz aquí dende tantos anos na vosa compañía; de aprendiz dos universos que hai en cada biografía de voso. Vai para as corenta primaveras que o meu mundo labrego, da máis que altura das nevaradas nesa “terra do medio”, veu comigo para sabermos que o mar existe máis alá dos libros e das cartas da emigración que nos sangraba nas casas das aldeas, o barco para as américas dun soño e obra, para o regreso: aquelas naos que zarpaban cara ao Caribe e aínda máis ao sur do continente máis poboado polas nosas raíces. Herdeiros desa memoria emigrante, oceánica, chegamos aquí polas estradas da vida: os meus pais, a esposa e os meus tíos de Quian. Somos felices neste paraíso de tenrura. E naceron vidas que xa son tamén de voso, e abróchalles na boca un caravel de orgullo, coma se un bico. Medramos nesta ribeira do soño e da maxia. Todas e todos vivos en aquén e alén parte. E vexo os moradores das cantigas nas tabernas: aquelas voces que iluminan coma un faro cando chove, escampa ou venta do surés nas alamedas. E digo os poetas populares do mar e das longas singraduras, dende Xohán de Cangas, Meendinho, Martín Códax, Cecilio, Pepe, Bernardino., e escoito a memoria de min : Coiro, Tromentelo, Cacarexo, Teatro, Matamoura, Ancoradouro, Casa da Bola. E aquela buguina das tantas veces, sempre obra en man no caladoiro de Massó que vai pra lonxe...

*A Fábrica din a quen resiste na invernada
e olla cara ao ceo de seu con luces de amencida.
A Congorsa bate no sorriso das gamelas
e A Borneira avisa dos concilios que se nutren
do esquezo por se hai noite*

e Cangas perde a memoria: as Nais, o Mar da Casa

E sinto a Música, mestre Carballo, Belas Artes, as voces das Corais; a danza, a patinaxe; todas as Artes, todas, A Mangallona, Ao Carón do Mar; todos os bares e os cafés, os furanchos, restauradores de sona universal que foron, son, han ser nas horas íntimas pan e viño, mesa e carta, compango, creación distinta. Digo deporte e vexo Alondras, Balonmán Cangas, Cruceiro, Bahía, atletismo, náutica, as medallas de Olimpia nos fulgores de Aldán e do Hío: digo Sonia, Tareixa, Carlos e David. Digo as mil nenas e mil nenos que se ocupan do lecer soñando altura e resistencia no mar, nas pistas e nas estradas, adestrando no solpor, vencendo os desvaríos do diario. Digo as redeiras e brincan os meus ollos na beiramar que se descobre en terra: as mans que labran, tecen, recompoñen unha e outra vez o pano da existencia, a marabilla. Digo Pepiño Coheteiro e Serafín, digo Xefa, digo as voces anónimas que aloumiñan, procuran vida e recalada nos estómagos dos ghatos e dos cans sen dono, eles noitefría, desventura e morte. E sei e gardo no profundo este corredor, esta solaina de Amigas e de Amigos que sempre estades aí, cando nos cadran as venturas dos días máis felices e tamén a néboa das horas máis amargues. E mando un aturuxo na intemperie polo novísimo e rompedor “*Disionario da Revolución Académica Morrasense da Lingua*: sinal identitario, orgullo e honra polo que nos corresponde de lucidez, respecto e poesía. Velaí remato nesta fala de noso, coas palabras vivas que traedes na patela das herdanzas, a lealdade, o compromiso: **“xa chegharon os bichunchos do Cristo, hai que levar o rapás ao tren popof”**. Este soño infantil e adulto do tren e do barco. Sigo bogando para que o tempo do sorriso dure alén dos séculos e sexa sempre un repenique. Bicos ghrandes e moitas ghrasias por me convidar á memoria dende a **terrasa do ontamiento**.

*Amence en Cangas e bebe de cedo
o sol que vén de lonxe nas cadernas
coma un barco safo, coma un señor
que se pronuncia na “fonte garrida”*

*e sobe polas pedras:
vai medrando a marusía das palabras e hai
un mar que vai por dentro*

Xosé Vázquez Pintor.
Cangas, 28 de agosto 2010, en día grande